

## DEBUXO ARTÍSTICO II.

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

DEPARTAMENTO DE DEBUXO. CURSO 2022-2023.

## **ÍNDICE**

### **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

1.1.- INTRODUCCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO NAS MATERIAS DE DEBUXO ARTÍSTICO

1.2.- CONTEXTUALIZACIÓN

### **2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.**

### **3. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

### **4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

### **5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

### **6. AVALIACIÓN.**

6.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

6.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

### **7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

### **8. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

**9. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO (CAMBIOS DE MODALIDADE).**

**10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

**11. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

**12. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR.**

**13. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC.**

**14. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

**15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**- 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

### **1.1.- INTRODUCCIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO NAS MATERIAS DE DEBUXO ARTÍSTICO.**

O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia permitiralles aos alumnos e ás alumnas adquirir e desenvolver as capacidades seguintes:

- Utilizar os conceptos básicos de estrutura formal, comprendendo e analizando calidades e características configurativas, expresivas, funcionais, de singularidade, proporción e orientación; clasificando os elementos formais segundo criterios de función (configurativa-expresiva) e de comparación (analogía-contraste).
- Os coñecementos básicos da linguaxe gráfico-plástica, adquiridos na ESO, veranse acrecentados por un maior desenvolvemento do feito de representación en xeral, da capacidade perceptiva e do carácter analítico, mediante a utilización de diversos procedementos e técnicas de representación, que contribúan ao enriquecemento das posibilidades expresivas.

A través desta materia poden transmitirse mensaxes de variada natureza e contido, describir, ilustrar, expresar e representar feitos, fenómenos e sentimentos que configuran a vida, utilizando os principios e sistemas de representación que lle son propios, e atendendo tanto á vertente metódica, analítica e obxectiva como á subxectiva e lúdica. Para acceder a este medio de expresión, aportado polas imaxes gráficas, é preciso posuír recursos que permitan a comprensión e a utilización desta linguaxe icónica, así como desenvolver capacidades de expresión comunicativa, que posibiliten a utilización da forma como medio de emisión de mensaxes desde a sensibilidade e visión persoais.

- Organizar os datos visuais que constitúen a totalidade perceptiva como a suma dos elementos relacionados e integrados que a configuran, segundo o valor de cada un deles no conxunto.

- Representar formas artificiais do contorno de modo analítico, metódico e sistemático (non mecánico), intentando simplificar e sintetizar, en formas elementais, as formas máis complexas do noso contorno.
- Comprender e interpretar a realidade formal desde distintas premisas, de modo coherente, con técnicas e finalidades distintas e realizando modificacións combinatorias diverxentes.

Comprender e analizar a diversidade e riqueza das formas orgánicas, resaltando as características propias da figura humana, e valorar as súas múltiples posibilidades expresivas e estéticas.

- Empregar, de modo eficaz, os mecanismos de percepción de sensacións e das mensaxes non icónicas para a súa transformación en elementos visuais, desenvolvendo a memoria visual e a retentiva
- Valorar as posibilidades expresivas e comunicativas dos diversos procedementos e técnicas de representación, e analizar criticamente a súa utilización segundo a finalidade pretendida, subliando os aspectos cualitativos particulares que orixinan na imaxe a coherencia entre a forma, a expresión e o contido.

Os contidos desta materia, que se dividen en dous cursos, organizaranse en dous niveis de complexidade conceptual de percepción e de representación progresiva, de maneira que se articule unha vía sistemática pero flexible.

## 1.2.- CONTEXTUALIZACIÓN

Marco do contexto lexislativo para esta Programación:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

## 2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

2ºde BAC. DEBUXO ARTÍSTICO II				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A forma. Estudo e transformación</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Modelo analítico e modelo sintético.</li> <li>▪ B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

2ºde BAC. DEBUXO ARTÍSTICO II				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 2: A expresión da subxectividade</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Valor expresivo da luz e da cor.</li> <li>▪ B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 3. Debuxo e perspectiva</b>				



2ºde BAC. DEBUXO ARTÍSTICO II				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.</li> <li>▪ B3.2. Representación da forma con fins expresivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 4. O corpo humano como modelo</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Nocións básicas de anatomía artística.</li> <li>▪ B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>2ºde BAC. DEBUXO ARTÍSTICO II</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 5. O debuxo no proceso creativo</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

2ºde BAC. DEBUXO ARTÍSTICO II				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Actitude creativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

### **3. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.**

#### **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE 2º DE DEBUXO ARTÍSTICO.**

##### BLOQUE I: A FORMA, ESTUDO E TRANSFORMACIÓN.

- Recoñecer os valores expresivos e posibilidade do punto, a recta e a textura na creación de contidos.
- Facer uso expresivo da liña e posibilidades gráficas, a expresión do volume, do movemento e do espazo.
- Estrutura interna das imaxes bidimensionais e dos obxectos e outras manifestacións artísticas. Emprego nas creacións propias da comprensión a través da análise da estrutura
- . A proporción na representación das formas. Estrutura inherente xeométrica e proporcionalidade tanto das partes internas como en relación con outras do contorno .

##### BLOQUE II: A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE.

- Facer uso dos recursos expresivos da composición:
- Aplicación da proporción e escala nunha composición do natural ou con obxectivos expresivos.
- Recursos de texturas e cor.
  
- Experimentación con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.
- Analizar de forma verbal e escrita, individual ou colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.

- Representación da realidade observada e recursos gráficos.
- Funcionalidade da imaxe e grao da iconicidade.
- Identificación dos signos e clases. Elementos morfolóxicos da representación.
- Creación de imaxes vinculadas a algunha das leis mencionadas.

### BLOQUE III: DEBUXO E PERSPECTIVA.

- Facer uso dos materiais e técnicas na representación das formas cun espazo e iluminación indicado
- Coñecer o emprego da textura e a liña cos materiais indicados destacando a súa importancia para a definición dos volumes.
- Identificar o valor expresivo da luz nas representacións cromáticas e acromáticas. Expresar verbalmente ditos contidos nas representacións propias e saber identificalos noutras representacións.
- Facer uso da perspectiva cónica frontal e oblicuas para conseguir posibilidades expresivas sobre a reprodución das esceas.
- Indagar e localizar exemplos actuais nos que os rexistros sexan semellantes.
- Criterios no seu emprego tendo en conta o grao da iconicidade e o fin para o que se aplica.
- Utilización do debuxo para captar e plasmar obxectos e formas do contorno e para expresar os sentimentos e ideas sobre un soporte bidimensional.
- Utilización, estudo e prácticas comparativas entre as distintas técnicas do debuxo, elección no posible, da técnica máis axeitada en cada obra.

### BLOQUE IV: O CORPO HUMANO COMO MODELO.

- Dimensións da monocromía na representación do corpo humano: o naturalismo no uso de liña e mancha.
- Técnicas que favorecen as diferentes valoracións na representación.
- Análise na actualidade desas connotacións psicolóxicas.
- Exposición oral, escrita e gráfica sobre a teoría mencionada aplicados ás composicións e aos estudos cromáticos nos diferentes contextos.

- A representación e expresividade da representación humana na Historia da Arte.
- Aplicación na representación individual dos valores expresivos.
- Obtención de matices co simple uso das cores. Habilidade para a configuración dos máximos rexistros cromáticos afíns á representación humana.

#### BLOQUE V: O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO.

- Manexar os materiais e técnicas na representación das formas cun espazo e iluminación indicado
- Empregar a textura cos materiais indicados destacando a súa importancia para a definición dos volumes.
- Identificar o valor expresivo da luz nas representacións cromáticas e acromáticas. Expresar verbalmente ditos contidos nas representacións propias e saber identificalos noutras representacións.
- Criterios no seu emprego tendo en conta o grao da iconicidade e o fin para o que se aplica.
- Utilización do debuxo para captar e plasmar obxectos e formas do contorno e para expresar os sentimentos e ideas sobre un soporte bidimensional.
- Utilización, estudo e prácticas comparativas entre as distintas técnicas do debuxo, elección no posible, da técnica máis axeitada en cada obra.

#### **4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.**

##### **BLOQUE I: A FORMA. ESTUDO E TRANSFORMACIÓN**

**Temporalización estimada desta unidade.** Vinte catro sesións lectivas aproximadamente e dependendo do grao de consecución dos obxectivos.

##### **BLOQUE II: A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE**

**Temporalización estimada:** vinte catro sesións. En primeiro lugar, a exposición dos contidos teóricos sobre a natureza, a física da luz e a fisioloxía do ollo humano, para comprender como se ven as cores. En segundo lugar, expóñense as posibilidades expresivas das mesturas, as series cromáticas e a simboloxía da cor en actividades gráficas e análises visuais, tamén as propostas de investigación sobre os efectos plásticos da cor.

##### **BLOQUE III: DEBUXO E PERSPECTIVA.**

**Temporalidade estimada:** vinte catro sesións.

##### **BLOQUE IV: O CORPO HUMANO COMO MODELO.**

**Temporalización estimada da unidade:** doce sesións.

##### **BLOQUE V: O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO.**

**Temporalidade estimada:** vinte catro sesións.

## 5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

### CUESTIÓNS XERAIS: O ESPAZO.

Contamos cunha Aula de Debuxo dotada de mesas grandes para Debuxo técnico e cabaletes para Debuxo artístico en número suficiente para tódolos alumnos. Temos dúas pilas para traballar as técnicas húmidas e espazos de almacenaxe nos armarios.

Contamos ademais cun ordenador para o profesorado e un proxector e unha pequena Biblioteca de aula, formada por libros dos fondos da Biblioteca do Centro e libros propiedade da profesora.

Hai varias paredes con corcho para expoñer os traballos dos alumnos, e unha variada colección de modelos de escaiola, de pé e mesmo colgados polas paredes. Temos outro tipo de modelos tamén como recipientes, botellas e pezas de vaixelas.

### OUTROS RECURSOS

- Varios exemplares de escuadro, cartabón, regra e compás. Aínda que o alumnado de Debuxo técnico ten que traer de maneira regular o seu material para a sesión lectiva. Tamén regras de Debuxo adaptadas ao encerado.

- Materiais: pigmentos y marcadores.

• Lapis de grafito • Barras de grafito • Po de grafito • Carboncillos • Barra ou lapis composto • Barras sanguina • Barras pastel • Lapis de cores • Rotuladores de fibra • Rotuladores de feltro • Rotuladores pincel de auga • Rotuladores punta fina.

- Soportes:

• Papel tipo kraft • Papel debuxo. Caderno de Aula tamaño DIN A3 • Cartolina • Cartón gris encadernación • Cartón ondulado • Papel especial técnicas húmidas: acuarela, e témperas ou óleo. • Cartolina especial

Outros instrumentos básicos • Gomas de borrar, cúter, bisturí, rascador, difuminos, vasos, pinceis, rodetes.

Outros materiais • Cartolinas de cor, tramas adhesivas, papel celofán de cor.

Procedementos • Tintas. • Témperas. • Gouaches. • Técnicas mixtas.



## Bibliografía

Se aportará un listado dos libros da Biblioteca do Centro a disposición do alumnado, con indicación expresa aos contidos das unidades temáticas desta materia.

En Debuxo artístico o alumnado aportará material gráfico propio e un Caderno de Aula tamaño A3, con número de follas suficiente para tódolos traballos do curso mesmo os erróneos e os desbotados (80 follas aproximadamente). A profesora aportará fichas, material de reforzo, material gráfico e proxeccións (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade.

Recursos dixitais segundo se proceda.

## MATERIAIS FACILITADOS NA AULA VIRTUAL

Materiais facilitados pola profesora e Aula Virtual.

Os materiais que vai mercar o alumnado son os habituais adaptados ás técnicas tratadas ao longo do curso. Materiais de soporte (diferentes tipos de papel seguindo o uso da técnica) , técnicas de mancha coma sanguina, carbón, grafitos, de liña, tintas planas, material de cor: acuarela, tintas, oleo, pasteis,...e complementos documentais e recursos visuais oportunos e moi diversos.

Os materiais que se tratarán este 2º curso proceden a un maior tratamento das técnicas iniciadas en 1º e adaptadas ás diferentes temáticas e contidos a tratar este ano.

## **6. AVALIACIÓN.**

*As avaliacións están distribuídas neste curso:*

*1ª Avaliación 28 de novembro, 2ª Avaliación 16 de febreiro, 3ª e Avaliación Ordinaria 15 de maio e Avaliación extraordinaria o 23 de xuño.*

### **6.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

*1. Representar graficamente as formas naturais, definindo a disposición das partes que as constitúen e a súa articulación no conxunto, proporcionando os distintos compoñentes formais e o encaixe, realizando as similitudes que presentan respecto ós conceptos xeométricos de relación e ordenamento de elementos reais e imaxinarios, e subliñando o carácter material e as calidades superficiais.*

Con este criterio trátase de comprobar as capacidades perceptiva/expresiva e os recursos gráficos para a expresión formal e o sentido espacial, non só na coherencia do conxunto, senón tamén pola énfase gráfica dos datos significativos, superposición de elementos e distorsión perspectiva. Valorarase igualmente na realización a sensibilidade, a destreza técnica e a expresividade visual.

*2. Representar graficamente obxectos do contorno, analizando os elementos conceptuais básicos da súa configuración formal (liñas e superficies) e abstraendo na representación os factores expresivos (textura, claroscuro e color), utilizando a liña como elemento explicativo da forma, sen limita-la súa utilización ó contorno.*

Trátase de avaliar con este criterio a capacidade de observación e os recursos descritivos lineais, aplicados para a expresión formal, e o grao de comunicación alcanzado con estes recursos. Valorarase, igualmente, o perfeccionamento da linguaxe gráfico-plástica, a riqueza de datos na comunicación que evidencie a comprensión formal do conxunto, como subliñados de interseccións, límites de superficies, volumes parciais ou definición de partes ocultas por transparencia.

3. *Expresar, por medio de apuntes gráficos sinxelos, o carácter peculiar dos obxectos do contorno urbano ou doméstico, destacando prioritariamente os aspectos singulares das súas configuracións (liñas, perfís, signos, ritmos) e eliminando toda información superflua ou anecdótica.*

Preténdese con este criterio valorar a selección que os alumnos e as alumnas fan daqueles datos formais, que lles confiren un particular interese visual ás obxectos elixidos. E sumarase non tanto a exactitude rigorosa do executado canto a expresión intencionada e selectiva, que expoñan graficamente na realidade observada.

3. *Realizar interpretacións gráficas sobre matices e valores tonais en función da luz e das mesturas de pigmentos, utilizando como modelos formas artificiais de carácter xeométrico.*

Preténdese con este criterio verificar o desenvolvemento da percepción visual das alumnas e dos alumnos sobre os fenómenos cromáticos, e as capacidades para resolver na práctica estes fenómenos, sen confundir as dimensións específicas da cor, obtención de tons intermedios e escurecementos.

4. *Realizar interpretacións gráficas, preferentemente de modelos non xeométricos, para poñer en práctica teorías sobre a valoración tonal en función de factores alleos á propia cor, aplicando simultaneamente as técnicas e procedementos adecuados en cada caso, segundo os coñecementos obtidos sobre mesturas pigmentadas, e de acordo coa natureza formal e material do modelo e coa finalidade proposta.*

Con este criterio trátase de comprobar os coñecementos dos alumnos e das alumnas sobre a modulación luminoso-cromática que orixina a luz ó incidir sobre os obxectos, creando o claroescuro e a simulación da súa calidade material e textura superficial. Comprobarase, igualmente, o progreso e a diversidade de destrezas técnicas alcanzadas polos alumnos e polas alumnas, así como a súa capacidade de selección de materiais.

5. *Realizar interpretacións gráficas de contraste tonal, igualación e indución ao complementario para estudar os fenómenos ópticos da cor.*

Mediante este criterio trátase de verificar se os alumnos e as alumnas son capaces de comprender e de aplicar os fenómenos e sensacións, que producen as manipulacións da cor, nas manifestacións plásticas.

Utilizar os materiais, procedementos e técnicas de representación gráfico-plásticos demostrando nas realizacións un progreso no coñecemento das súas posibilidades expresivas e a capacidade de elección adecuada para os fins propostos.

Valórase con este criterio a coherencia dos alumnos e das alumnas na selección e no emprego dos materiais en función dos resultados pretendidos.

6. *Describir graficamente con liñas e siluetas o esencial das formas observadas con brevidade, atendendo principalmente ós trazos característicos e ás súas proporcións.*

Trátase de comprobar con este criterio o progreso das alumnas e dos alumnos na captación das formas, así como a súa capacidade de síntese ó ponderar soamente as calidades formais esenciais, recollidas por memoria visual.

7. *Representar graficamente, por medio de liña e de sombreado, obxectos de marcado volumétrico, atendendo o estudio da xerarquía de valores tonais e ó carácter formal-material.*

Con este criterio valórase a ponderación que as alumnas e os alumnos realizan das gradacións luminosas (a súa relación produce a sensación de volume dun obxecto). Valorarase, así mesmo, a calidade conseguida na expresión da natureza superficial dos obxectos.

8. *Realizar prácticas baseadas na psicoloxía da forma e nos fenómenos indutivos da percepción: igualdade, semellanza, proximidade, orientación, calidade formal formas abertas, pechadas, erros de percepción, cor, etc.*

Preténdese verificar con este criterio os coñecementos das alumnas e dos alumnos sobre asociacións e condicionamentos perceptivos en relación coa propia actividade, e os resultados das experiencias.

9. *Realizar mediante liña e claroscuro esbozos do contorno urbano, considerando o encaixe, o punto de vista e as distintas liñas de termino para obter efectos de profundidade, valoración de proporcións e contrastes luminosos.*

Mediante este criterio valórase o sentido espacial das alumnas e dos alumnos, expresado nas proporcións aparentes, superposicións de elementos e comprensión das distorsións que a perspectiva produce na forma.

10. *Describir graficamente o esencial das formas observadas anteriormente mediante definicións lineais da súa corporeidade, sen limitarse ó contorno externo, e expresar o contraste tonal, se é que existe, por medio da mancha.*

Con este criterio trátase de comprobar o desenvolvemento da capacidade dos alumnos e das alumnas en canto á memoria visual. Avaliase a súa capacidade para captar a relación forma-espacio, expresada por medio de gráficos esquemáticos que subliñen o carácter diferenciado de cada forma.

11. *Realizar estudos gráficos monocromáticos da figura humana ou dun manequín articulado en actitude dinámica con iluminación contrastada, atendendo principalmente á relación de proporcións e á expresividade do movemento.*

Avaliase con este criterio a comprensión que as alumnas e os alumnos realizan da figura humana no espazo, valorando especialmente a expresión global das formas que a compoñen, e a articulación e a orientación da estrutura que a define.

12. *Describir graficamente a estrutura esencial de obxectos artificiais do contorno urbano ou doméstico cun concepto de síntese xeométrica, mediante unha definición esquemática que inclúa, por transparencia e indución, as liñas non visibles e visibles significativas, amosando a organización do conxunto no espazo.*

Mediante este criterio avalíase o nivel de comprensión global da forma como consecuencia da estrutura que a orixina. Avaliase, así mesmo, a capacidade de percepción da información non manifesta como parte que configura a totalidade da estrutura e o estudo das proporcións e dos contornos aparentes.

13. *Representar graficamente as diferentes aparencias dun mesmo obxecto por mor das distintas orientacións respecto ó punto de vista perceptivo ou á situación do propio obxecto, con definición lineal das alteracións que se producen nos ángulos, proporcións, contornos e lonxitudes.*

Oriéntase este criterio cara á distinción entre «o que sabemos» e «o que vemos», valorando os progresos das alumnas e dos alumnos no terreo da captación de aspectos non presentes no modelo cultural das imaxes. Inténtase establecer as diferenzas formais dun mesmo modelo polos cambios de posición ou de observación.

14. *Definir graficamente un mesmo obxecto en distintos niveis icónicos (apunte, esquema, esbozo, estudo) con procedementos e técnicas nas que predomine o factor lineal (lapis, rotulador, etc.) ou o factor mancha (pincel, rotulador de feltro, barras, etc) en función das diversas intencións comunicativas: descritivas, ilustrativas, ornamentais ou subxectivas.*

Con este criterio avalíase a capacidade das alumnas e dos alumnos para entender un mesmo tema a través de diferentes prismas, axeitando o carácter da imaxe á finalidade pretendida desde o punto de vista da forma e da selección dos materiais.

15. *Representar graficamente formas naturais mediante descrición gráfico-científica (liñas e sombras), ampliando e coloreando (lapis de cor, barras, gouache) algunha parte especialmente característica e representativa, facendo croquis ou esquemas lineais complementarios desde diversos ángulos para explicar e definir a estrutura formal con claridade.*

Avalíase con este criterio o progreso do alumno e da alumna na percepción visual para distinguir os aspectos característicos dunha forma e para seleccionar partes e encadres da mesma. Avalíase, así mesmo, a capacidade para organizar estratexias gráfico-técnicas, que permitan amosar suficiente información sobre a natureza do modelo.

16. *Representar graficamente un conxunto de formas de carácter xeométrico (planos e sólidos), describindo con claridade a disposición dos elementos relacionados entre si: contigüidade, superposición, penetración e interseccións. Utilizarase a definición lineal que reflicte as proporcións e os efectos espaciais (deformacións perspectivas).*

Preténdese valorar a capacidade das alumnas e dos alumnos para comprender e explicar graficamente as situacións relativas das formas que compoñen un conxunto, no que se producen correspondencias de orientación e relacións variadas (oriéntase máis á análise lóxica do espazo que ás propias formas que o constitúen).

17. *Empregar, con propiedade, a terminoloxía específica que lles corresponde ós diversos contidos da materia.*

Este criterio intenta avaliar nos alumnos e nas alumnas o coñecemento e o uso axeitado dos termos propios da disciplina, especialmente a comprensión dos seus contidos conceptuais, distinguindo ambigüidades polisémicas e falsos sinónimos.

## **6.2.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

### **BLOQUE I: A FORMA. ESTUDO E TRANSFORMACIÓN.**

#### **OBXECTIVOS:**

Como se tratou en 1º de Bacharelato no bloque da liña que constrúe a forma: *todo o que pode ser visto posúe unha forma*. Ás veces a estrutura interna dunha forma pode non ser percibida inmediatamente. Cando é descuberta, a forma pode ser mellor comprendida. A partir deste curso engadiremos os seguintes obxectivos:

- Desenvolver a destreza no debuxo con distintos niveis de iconicidade.
- Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas. Evitar o superfluo na súa descrición gráfica.
- Analizar as súas estruturas xeométricas reducindo a formas simples as máis complexas, é o primeiro paso para poder enfrontarse, con bos resultados plásticos, ós modelos que ofrece a natureza ou ós derivados da produción humana.

- Indicar a liña máis representativa como identidade propia e como función comunicativa de cara a súa interpretación.

### **CONTIDOS:**

- Percepción e descrición obxectiva da forma.
- O modelo analítico e o modelo sintético.
- Retentiva e memoria visual.
- Consideracións mnemotécnicas.

### **Instrumentalización didáctica para o Bloque I. Habilidades e destrezas.**

Pola natureza da materia enmarcámolas nos seguintes ámbitos.

#### 1.- Ámbitos conceptuais

- Formas e imaxes.
- A imaxe gráfico-plástica. Carácter descritivo.
- Elementos conceptuais da forma. Organización. Formas tridimensionais compostas. Articulacións, relacións e unidades de conxunto.
- Formas de obxectos de xénese xeométrica. Xeometría e natureza. Representación da forma. Significantes configurativos e espaciais (superposición, relatividade do tamaño, etc.). Definición lineal e volumétrica.

#### 2.- Ámbitos procedimentais

- Debuxar, coa maior exactitude posible, obxectos extraídos dunha fotografía ou do natural debidamente iluminados, para que os efectos de luz e sombra sexan comprendidos na súa representación.



- A busca de diferentes alternativas na organización das formas dun campo visual e obter composicións diversas, tendo en conta os conceptos de dimensión, dirección, luz, proporción e modulado dos seus elementos constitutivos.
- Relacionar as nocións de espazo e de volume.
- Recoñecemento do carácter descritivo ou abstracto das imaxes gráfico-plásticas en exemplos concretos.
- Análise da organización da forma a partir da observación da estrutura xeométrica de calquera obxecto e reprodución gráfica da mesma.
- Análise dos elementos básicos da forma -función e carácter, valor da forma e expresivo por medio da observación, e posterior reprodución gráfica de obxectos.
- Identificación das distorsións producidas pola perspectiva mediante a representación gráfica de obxectos, de carácter marcadamente xeométrico, observados desde diferentes puntos de vista.
- Representación gráfica dalgún aspecto, tipicamente galego, do contorno urbano ou rural, considerando as proporcións aparentes, a superposición de elementos e as distorsións que na forma se producen.
- Representación gráfica de formas naturais, valorando os seus significantes de forma e espaciais,
- Realización de representacións gráficas dun conxunto de obxectos de carácter xeométrico, observados desde puntos de vista diferentes, definindo as formas e relacións entre elas e completando as partes vistas coa definición das liñas ocultas.

### 3.- Ámbitos actitudinais

Interese por desenvolver a destreza técnica como medio para acrecentar a expresividade visual.

#### **Criterios que se avalían neste bloque. Estándares de aprendizaxe.**

1. A interpretación e aplicación de formas u obxectos atendendo aos distintos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas).

2. O análise da configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e discusión verbal e escrita. Adaptación da forma a su función. Relacións da forma en canto ao seu sentido e utilidade, construción e interese estético.

#### **Instrumentalización para a avaliación.**

Entrega dos traballos gráficos propostos para a comprensión deste bloque. Traballo de investigación paralelo. Exposición na clase. Caderno e debuxos individuais do seguimento. Recollida do caderno de técnicas e de apuntes do natural.

**Temporalización estimada desta unidade.** Vinte catro sesións lectivas aproximadamente e dependendo do grao de consecución dos obxectivos.

#### **COMPETENCIAS AVALIABLES:**

- **Comunicación lingüística.** Interpretación e organización da información, elaborando respostas de maneira escrita das diferentes propostas.
- **Matemática. Coñecemento e interacción co mundo físico.** Aplicación dos sistemas na creación de volumes.  
Localización e representación de sólidos nos diferentes sistemas.
- **Tratamento da información e competencia dixital.** Emprego, de maneira básica, dalgún programa informático para tratamento de deseño e de imaxes.
- **Social e cidadán.** Valoración do noso patrimonio artístico e natural como fonte da cultura.
- **Aprender a aprender.** Realización de esquemas, analizando e estruturando os conceptos estudados.
- **Cultural e artística.** Coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, as súas características e termos particulares, sabendo analizar as obras de arte.
- **Autonomía e iniciativa persoal.** Análise dos diferentes procesos de elaboración para a realización dunha proposta, elixindo o máis apropiado.

#### **PROCEDEMENTOS:**

- Uso expresivo da liña e posibilidades gráficas, a expresión do volume, do movemento e do espazo.
- Estrutura interna das imaxes bidimensionais e dos obxectos e outras manifestacións artísticas. Emprego nas creacións propias da comprensión a través da análise

da estrutura

- O punto de vista e as súas posibilidades expresivas

. A proporción na representación das formas. Estrutura inherente xeométrica e proporcionalidade tanto das partes internas como en relación con outras do contorno

### **ACTITUDES:**

- Estima polas intencións compositivas nas obras de arte en xeral.
- Valoración da técnica do *collage* como medio de expresión nas vangardas.
- Sentido crítico ante as desproporcións e de axustes compositivos en diferentes obras plásticas.
- Valoración das simetrías no entorno cotián e artístico.
- Valoración do ritmo como elemento dinámico da composición no contorno e nas obras de arte.
- Estima e respecto polas distintas solucións que aportan os demais fronte á mesma proposta.
- Valoración da técnica da vidreira como manifestación artística na historia.

### **BLOQUE II: A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE**

#### **OBXECTIVOS:**

- Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.
- Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.
- Desenvolver a capacidade de representación de formas mediante a memoria e a retentiva visual.
- Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.
- Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.

#### **CONTIDOS:**

- A composición e o encaixado. Concepto de equilibrio
- Psicoloxía da forma e composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresivas das creacións plásticas. A psicoloxía da forma. As leis da Gestalt.
- Comportamento e relación das formas tridimensionais no espazo.
- Valor expresivo da luz e da cor.
- Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.

### **Instrumentalización didáctica para o Bloque II. Habilidades e destrezas.**

Pola natureza da materia enmarcámolas nos seguintes ámbitos.

#### 1.- Ámbito conceptual

- Psicoloxía da forma: leis visuais asociativas.
- Organizacións compositivas. Composicións abertas e composicións pechadas.
- Relacións formais de analoxía e de contraste. Relacións das formas no espazo
- As formas tridimensionais no espazo e a súa interacción.
- O ritmo.
- As formas dinámicas. Concepto xeral.
- Imaxe e función.

#### 2.- Ámbito procedimental

- Representar formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.
- Observación de diversas formas, identificando as relacións de analoxía e de contraste.

- Análise das formas no espazo mediante o debuxo dun obxecto, definindo o seu carácter volumétrico mediante o claroscuro e os valores tonais.
- Representación do conxunto formal mediante o debuxo dun conxunto de obxectos observados con brevidade, e definindo os seus volumes e relacións espaciais.
- Distribución do espazo segundo a composición adecuada ó debuxo que se vai realizar, e utilizando diversos tipos de composición.
- Expresar sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas)
- Representación de formas dinámicas mediante estudos gráficos dunha figura humana ou manequín.

### 3.- Ámbito actitudinal

Valoración da linguaxe expresiva na relación imaxe-función.

#### **Criterios que se avalían neste bloque. Estándares de aprendizaxe.**

- Identificar a estrutura da imaxe nos contextos da Arte, da Fotografía, do Deseño gráfico, das páxinas e deseños vinculados aos medios audiovisuais.
- Definir graos na icona integrada na imaxe. O referente e a representación.
- Construír unha composición descritiva ou naturalista, unha composición analítica ou técnica e unha composición expresiva ou artística.
- Saber referir as leis básicas da percepción visual na representación de volumes referido a un espazo compositivo, baixo os criterios de proporcionalidade e perspectiva
- A capacidade investigadora sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico plástica.

#### **Instrumentalización para a avaliación.**

Entrega dos traballos gráficos propostos para a comprensión deste bloque. Traballo de investigación paralelo. Exposición na clase. Caderno e debuxos individuais do seguimento. Recollida do caderno de técnicas e de apuntes do natural.

**Temporalización estimada:** vinte catro sesións. En primeiro lugar, a exposición dos contidos teóricos sobre a natureza, a física da luz e a fisioloxía do ollo humano, para

comprender como se ven as cores. En segundo lugar, expóñense as posibilidades expresivas das mesturas, as series cromáticas e a simboloxía da cor en actividades gráficas e análises visuais, tamén as propostas de investigación sobre os efectos plásticos da cor.

#### **COMPETENCIAS AVALIABLES:**

- **Comunicación lingüística.** Interpretación e organización da información, elaborando respostas de maneira escrita das diferentes propostas.
- **Matemática. Coñecemento e interacción co mundo físico.** Aplicación dos sistemas na creación de volumes. Localización e representación dun contorno visual e perceptivo.
- **Tratamento da información e competencia dixital.** Emprego, de maneira básica, dalgún programa informático para tratamento de deseño e de imaxes.
- **Social e cidadán.** Valoración do noso patrimonio artístico e natural como fonte da cultura.
- **Aprender a aprender.** Realización de esquemas, analizando e estruturando os conceptos estudados.
- **Cultural e artística.** Coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, as súas características e termos particulares, sabendo analizar as obras de arte.
- **Autonomía e iniciativa persoal.** Análise dos diferentes procesos de elaboración para a realización dunha proposta, elixindo o máis apropiado.

#### **PROCEDEMENTOS:**

- Experimentación con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores luminosos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.
- Analizar de forma verbal e escrita, individual ou colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.
- Representación da realidade observada e recursos gráficos.
- Funcionalidade da imaxe e grao da iconicidade.
- Identificación dos signos e clases. Elementos morfolóxicos da representación.
- Creación de imaxes vinculadas a algunha das leis mencionadas.

**ACTITUDES:**

- Busca de solucións orixinais nas representacións gráficas das estruturas e as formas da súa orixe.
- Recoñecemento do valor estético e organizativo do módulo como unidade de composición.
- A representación co uso da proporción e da semellanza.
- Valoración do proceso de planificación como factor importante para a resolución satisfactoria de problemas.
- Gusto pola exactitude, orde e limpeza na elaboración de representacións gráficas e plásticas.
- Boa presentación e esforzo pola limpeza na presentación dos traballos.
- Atención e traer con regularidade o material e a presentación puntual dos traballos.

**BLOQUE III: DEBUXO E PERSPECTIVA.****OBXECTIVOS:**

- Recoñecer a luz na percepción do volume e das sombras propias e arroxadas.
- Comprender a textura como superficie de calidades visuais e táctiles.
- Identificar a súa importancia na Historia da Arte, e tamén nos ámbitos da natureza e na deseño de obxectos.
- Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade as formas illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores luminosos e cromáticos.

**CONTIDOS:**

- Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. Configuración do volume.
- Representación da forma con fins expresivos. Luz e claroscuro como recurso para representar o volume e o espazo. A luz natural e artificial.

Efecto nas superficies.

- Sombras e valoracións tonais. Entoación e axuste.
- A textura na imaxe. Valores expresivos da textura natural e a textura artificial.

**Instrumentalización didáctica para o Bloque III. Habilidades e destrezas :**

- Debuxar, coa maior exactitude posible, obxectos extraídos dunha fotografía ou do natural debidamente iluminados, para que os efectos de luz e sombra sexan comprendidos na súa representación.
- A busca de diferentes alternativas na organización das formas dun campo visual e obter composicións diversas, tendo en conta os conceptos de dimensión, dirección, luz, proporción e modulado dos seus elementos constitutivos.
- Relacionar as nocións de espazo e de volume.

**Criterios que se avalían neste bloque. Estándares de aprendizaxe:**

- Saber comprender e representar as formas desde distintos puntos de vista.
- A representación do volume de obxectos e do espazo tridimensional. Emprego da mancha na configuración do claroscuro e as texturas.
- Observar o contorno como un elemento de estudo gráfico e elaborar composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.
- Representar os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a composición e o tamaño dos seus elementos.
- A incidencia da luz na configuración da forma e o espazo. Reflexión e refracción.
- Expresividade das formas iluminadas de forma natural ou artificial
- O cine expressionista e os efectos expresivos da luz. A luz na fotografía. Expresividade do branco e negro
- Posibilidades de representación no emprego da textura e do claroscuro
- Crear as texturas dirixidas a proxectos concretos tanto de natureza artístico como de deseño no plano ou de obxectos.

**Instrumentos para a avaliación:**

Recollida de traballos sobre o análise da perspectiva. Apuntes do natural e do estudo da luz na incidencia dos obxectos



Exposición oral e comentario sobre os traballos de grupos sobre tratamento de texturas.

A grisalla como aplicación de luces e sombras.

O volume a partir de formas bidimensionais.

Luces e sombras sobre corpos xeométricos de caras planas.

Estudo dos tons no modelo e no debuxo con grafito.

**Temporalidade estimada:** vinte catro sesións.

#### **COMPETENCIAS AVALIABLES:**

- **Comunicación lingüística.** Interpretación e organización da información, elaborando respostas de maneira escrita das diferentes propostas.
- **Matemática. Coñecemento e interacción co mundo físico.** Aplicación da xeometría na representación dos obxectos e nos sistemas para a creación de volumes.  
Na situación en relación coa incidencia da luz sobre os obxectos de representación da diversidade de casos tratados.
- **Tratamento da información e competencia dixital.** Emprego, de maneira básica, dalgún programa informático para a representación.
- **Social e cidadán.** Valoración do noso patrimonio artístico e natural como fonte da cultura.
- **Aprender a aprender.** Realización de esquemas, analizando e estruturando os conceptos estudados.
- **Cultural e artística.** Coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, as súas características e termos particulares, sabendo analizar as obras de arte e a frecuencia das súas manifestacións.
- **Autonomía e iniciativa persoal.** Análise dos diferentes procesos de elaboración para a realización dunha proposta, elixindo o máis apropiado.

#### **PROCEDEMENTOS:**

- Traballar os materiais e técnicas na representación das formas cun espazo e iluminación indicado
- Empregar a textura cos materiais indicados destacando a súa importancia para a definición dos volumes.
- Identificar o valor expresivo da luz nas representacións cromáticas e acromáticas. Expresar verbalmente ditos contidos nas representacións propias e saber identificalos noutras representacións.

- Crear efectos dos distintos tipos de iluminación no mesmo obxecto. Análise de resultados.
- Indagar e localizar exemplos actuais nos que os rexistros sexan semellantes.
- A textura e os seus procedementos gráficos.
- Criterios no seu emprego tendo en conta o grao da iconicidade e o fin para o que se aplica.
- Localización e creación das texturas nos proxectos concretos.
- Utilización do debuxo para captar e plasmar obxectos e formas do contorno e para expresar os sentimentos e ideas sobre un soporte bidimensional.
- Utilización, estudo e prácticas comparativas entre as distintas técnicas do debuxo, elección no posible, da técnica máis axeitada en cada obra.

## **ACTITUDES**

- Afondar na estruturación dun volume pola súa parte interna e o seu límite exterior.
- Receptividade e sensibilización ante a cor na obra de arte e no contorno e a súa valoración como algo fundamental nos mesmos.
- Investigar e practicar coas técnicas do claroscuro, empregando soportes de distinto to e tamaño.
- Disposición a explorar as propias posibilidades artísticas e gusto por practicalas.
- Curiosidade e interese por coñecer outras técnicas de expresión plástica e visual.
- Boa presentación e esforzo pola limpeza na presentación dos traballos.
- Atención e traer con regularidade o material da materia así como a presentación puntual dos traballos.

## **BLOQUE IV: O CORPO HUMANO COMO MODELO.**

### **OBXECTIVOS:**

- Analizar as relacións de proporcionalidade na figura humana..
- Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes.

- Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.

#### **CONTIDOS:**

- Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.
- Nocións básicas de anatomía artística.
- Estudo e representación do movemento na figura humana.
- Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.

#### **Instrumentalización didáctica para o Bloque IV. Habilidades e destrezas.**

- Comprender a figura humana como elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.
- Analizar a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.
- Representar a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define.
- 

#### **Criterios que se avalían neste bloque. Estándares de aprendizaxe.**

- Ser capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.
- Elaborar imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.

#### **Instrumentalización didáctica para a avaliación:**

Traballos en distintos formatos co emprego da variación de cores complementarias e tamén do contexto de gamma fría e gamma cálida.

Resolución dunha fotografía por cores planas. Descontextualidade.

A presenza da cor e a súa importancia no deseño. Traballo de exemplos.

Representación pictórica.

**Temporalidade estimada:** vinte catro sesións lectivas.

Exposición oral sobre a figura humana. O canon. Libro de texto. Materiais: técnicas de claroscuro. Exemplos co uso do canón na clase.

**Temporalización estimada da unidade:** doce sesións.

#### **COMPETENCIAS AVALIABLES:**

- **Comunicación lingüística.** Interpretación e organización da información, elaboración de maneira escrita das diferentes propostas.
- **Matemática. Coñecemento e interacción co mundo físico.** Aplicación dos sistemas de representación para o debuxo de volumes.  
Localización e representación dos sólidos nos diferentes tratamentos da cor (descritivo, naturalista, expresivo,...)
- **Tratamento da información.** Utilización dos recursos informáticos na xeración das imaxes.
- **Social e cidadán.** A valoración do patrimonio artístico e da natureza nas diferentes manifestacións no coñecemento da cor.

#### **PROCEDEMENTOS:**

- Dimensións da cor: valor/luminosidade, saturación/intensidade e croma/ton.
- Análise na actualidade desas connotacións psicolóxicas.
- Exposición oral, escrita e gráfica sobre a teoría mencionada aplicados ás composicións e aos estudos cromáticos nos diferentes contextos.
- Análise do emprego da cor no curso da Historia da Arte e no Deseño gráfico e de obxectos.
- Aplicación na representación individual dos valores expresivos da cor.

- Obtención de matices co simple uso das cores primarias. Habilidade para a configuración dos máximos rexistros cromáticos.

#### **ACTITUDES:**

- Apreciación do poder comunicativo da cor, do feito artístico e realizacións plásticas do contorno e da realización persoal, respectando os distintos modos de expresión.
- Valoración da cor na obra de arte, no deseño e no contorno da comunicación visual que chega de xeito cotián.
- Superación dos estereotipos referidos ao emprego da cor.
- Boa presentación e esforzo pola limpeza na presentación dos traballos.
- Atención e traer con regularidade o material da asignatura así como a presentación puntual dos traballos.

#### **BLOQUE V: O DEBUXO NO PROCESO CREATIVO.**

##### **OBXECTIVOS:**

- Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo a as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.
- Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos.
- Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.

Como en toda linguaxe, a expresión correcta depende, tanto do coñecemento dos seus elementos configurativos e estruturais como do uso adecuado que dos mesmos se faga.

- Abórdanse neste bloque os contidos que fan referencia á terminoloxía propia desta materia, ás calidades dos materiais e ás súas técnicas de aplicación.
- Insistirase en que o material seleccionado para construír unha obra de arte cambia a súa natureza e deixa de ser material natural para converterse en material artístico,

- A comprobación dos seus comportamentos nas realizacións plásticas ha de repercutir na elección dos materiais e dos procedementos adecuados á finalidade pretendida.

#### **CONTIDOS:**

- Afondamento no coñecementos dos recursos técnicos e posibilidades expresivas:
- Relación entre ver e debuxar. Funcionalidade do Debuxo.
- Expresión persoal e representación.
- Medios materiais, complementos necesario para o seu correcto uso.
- Técnicas secas de trazos grosos e aplicación: *carboncillo*, xiz e grafitos (sanguina, sepia, xiz negra e branca). Soporte e fixado
- Técnicas de trazos finos: grafito, rotulador e bolígrafo. Soporte. Procedementos líquidos. Tintas , plumas. A augada

#### **Instrumentalización didáctica para o Bloque V. Habilidades e destrezas :**

- Debuxar, coa maior exactitude posible, obxectos extraídos do natural debidamente iluminados, para que os efectos de luz e sombra sexan comprendidos na súa representación.
- A busca de diferentes alternativas na organización das formas dun campo visual e obter composicións diversas, tendo en conta os conceptos de dimensión, dirección, luz, proporción e modulado dos seus elementos constitutivos.
- Relacionar as nocións de espazo e de volume.

#### **Criterios que se avalían neste bloque. Estándares de aprendizaxe:**

- A valoración da importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.
- Demostración da creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.

- Emprego baixo criterio dos materiais e recursos. A técnica para o seu uso.
  - Coñecemento da terminoloxía técnica específica. Soportes, tipos de papeis e instrumentos de uso común.
  - Medios monocromos e medios cromáticos.
  - Autonomía e sentido da responsabilidade no uso indicado de materiais. O respecto ao ámbito de traballo propio e alleo. Achega do material necesario para o desenvolvemento en óptimas condicións da actividade.
  - Emprego indicado dos materiais para cada contido expresivo. Posibilidades creativas dos recursos gráficos indicados.
- 
- Saber comprender e representar as formas desde distintos puntos de vista.
  - A representación do volume de obxectos e do espazo tridimensional. Emprego da mancha na configuración do claroscuro e as texturas.
  - Observar o contorno como un elemento de estudo gráfico e elaborar composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.
  - Representar os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a composición e o tamaño dos seus elementos.
  - Posibilidades de representación no emprego da textura e do claroscuro
  - Crear as texturas dirixidas a proxectos concretos tanto de natureza artístico como de deseño no plano ou de obxectos.

#### **Instrumentos para a avaliación:**

Recollida de traballos sobre o análise da perspectiva. Apuntes do natural e do estudo da luz na incidencia dos obxectos

Exposición oral e comentario sobre os traballos de grupos sobre tratamento de texturas.

A grisalla como aplicación de luces e sombras.

O volume a partir de formas bidimensionais.

Luces e sombras sobre corpos xeométricos de caras planas.

Estudo dos tons no modelo e no debuxo con grafito.

**Temporalidade estimada:** vinte catro sesións.

## COMPETENCIAS AVALIABLES:

- **Comunicación lingüística.** Interpretación e organización da información, elaborando respostas de maneira escrita das diferentes propostas.
- **Matemática. Coñecemento e interacción co mundo físico.** Aplicación da xeometría na representación dos obxectos e nos sistemas para a creación de volumes.  
Na situación en relación coa incidencia da luz sobre os obxectos de representación da diversidade de casos tratados.
- **Tratamento da información e competencia dixital.** Emprego, de maneira básica, dalgún programa informático para a representación.
- **Social e cidadán.** Valoración do noso patrimonio artístico e natural como fonte da cultura.
- **Aprender a aprender.** Realización de esquemas, analizando e estruturando os conceptos estudados.
- **Cultural e artística.** Coñecemento das diferentes manifestacións artísticas, as súas características e termos particulares, sabendo analizar as obras de arte e a frecuencia das súas manifestacións.
- **Autonomía e iniciativa persoal.** Análise dos diferentes procesos de elaboración para a realización dunha proposta, elixindo o máis apropiado.

## - PROCEDEMENTOS:

- Traballar os materiais e técnicas na representación das formas cun espazo e iluminación indicado
- Empregar a textura cos materiais indicados destacando a súa importancia para a definición dos volumes.
- Identificar o valor expresivo da luz nas representacións cromáticas e acromáticas. Expresar verbalmente ditos contidos nas representacións propias e saber identificalos noutras representacións.
- Crear efectos dos distintos tipos de iluminación no mesmo obxecto. Análise de resultados.
- Indagar e localizar exemplos actuais nos que os rexistros sexan semellantes.
- A textura e os seus procedementos gráficos.
- Criterios no seu emprego tendo en conta o grao da iconicidade e o fin para o que se aplica.
- Localización e creación das texturas nos proxectos concretos.



- Utilización do debuxo para captar e plasmar obxectos e formas do contorno e para expresar os sentimentos e ideas sobre un soporte bidimensional.
- Utilización, estudo e prácticas comparativas entre as distintas técnicas do debuxo, elección no posible, da técnica máis axeitada en cada obra.

## **ACTITUDES**

- Afondar na estruturación dun volume pola súa parte interna e o seu límite exterior.
- Receptividade e sensibilización ante a cor na obra de arte e no contorno e a súa valoración como algo fundamental nos mesmos.
- Investigar e practicar coas técnicas do claroscuro, empregando soportes de distinto to e tamaño.
- Disposición a explorar as propias posibilidades artísticas e gusto por practicalas.
- Curiosidade e interese por coñecer outras técnicas de expresión plástica e visual.
- Boa presentación e esforzo pola limpeza na presentación dos traballos. Atención e traer con regularidade o material da materia así como a presentación puntual dos traballos.

### 6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DEBUXO ARTÍSTICO en 2º de Bacharelato.		
1.- <u>Traballos presentados</u>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Se despois de aplicar os pasos necesarios, os resultados son <u>formalmente</u> correctos.</li><li>- Calidade (pulcritude) dos traballos presentados, observando todas as <u>normas</u> dadas na aula.</li><li>- Observación dos traballos presentados , valoración que comprende os conceptos impartidos e os procedementos empregados, (non só se se compren os prazos e se presentan con pulcritude ,senón se están correctos e se aprecia que entende o que fai).</li></ul>	<u>85% da nota</u>
2.- <u>Anotacións do profesor:</u>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Presenza do material, interese, proveito das clases e prazos de presentación.</li></ul>	<u>15% da nota</u>

### Sistema de recuperación

#### A RECUPERACIÓN DO DEBUXO ARTÍSTICO NO 2º DE BACHARELATO.

As actividades de recuperación consistirán en recuperar as propostas suspensas. Neste caso terán que ser entregadas antes da Avaliación final (15 de maio) ou, se corresponde, antes da avaliación extraordinaria de finais de xuño, o día 23.

Terán que satisfacer os traballos prácticos suspensos ou non entregados no seu momento, é esta a única forma de recuperar os bloques de contidos que non acadaron os mínimos establecidos na materia. Dita entrega poderá producirse rematada a avaliación suspensa.

Tamén se facilita ao alumnado tanto suspenso como aprobado a posibilidade de subir as súas notas da materia.

Os traballos de debuxo poderán ser entregadas ata que satisfagan o grao de desenvolvemento demandado.

## **7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

### VALORACIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Inspirados nas teorías de aprendizaxe por niveis de Gregory Bateson, plantexamos unha escala de valoración para os indicadores de logro, observable e realista, aplicable aos distintos estándares de aprendizaxe e con fácil translación as valoracións numéricas que a normativa LOMCE prevé para as cualificacións de avaliacións parciais e final. Concrétase a escala nos seguintes 6 niveis:

1. Non se alcanza o estándar de aprendizaxe nin no máis mínimo grao. Moi deficiente. MD (0-2)
2. Non se alcanza o estándar de aprendizaxe. Explicacións vagas e desorganizadas ou falta de explicacións sobre o aprendido. Deficiente. D (3-4).
3. Alcanza o estándar de aprendizaxe pero de forma insegura ou sen continuidade no tempo. Explica literalmente o aprendido ou faino repetitivamente. Suficiente. S (5).
4. Alcanza o estándar de aprendizaxe con seguridade e de forma continuada no tempo, pero sen relacionalo aínda con outros conceptos ou con outras accións xa coñecidas. É capaz de explicar as aprendizaxes realizadas con vocabulario propio. Ben. B (6).
5. Alcanza o estándar de aprendizaxe relacionándoo con outras aprendizaxes. Explica o aprendido de forma propia e creativa ou suxire innovacións. Notable. N (7-8).
6. Alcanza o estándar de aprendizaxe e, ademais de explicalo co seu propio vocabulario, é capaz de aplicalo noutros contextos novos. Sobresaliente. Sb (9-10).

## **8. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Aínda que neste curso non temos ningún caso, en xeral, os alumnos que atopándose matriculados en 2º curso de Bacharelato teñan pendente esta materia do curso 1º de Bacharelato, poderán cursala por avaliacións, presentándose ós exames que se sinalen en cada trimestre, que se superarán obtendo unha cualificación de 5 puntos sobre 10 e entregando e aprobando o número de prácticas que se fixen en cada avaliación que xunto á nota do exame definirá a cualificación global da mesma. En caso de non superar as probas parciais, farase no derradeiro trimestre unha global que abarcará toda a materia e permitirá superala na súa totalidade, obtendo un 5 na mesma. Así mesmo haberá que entregar e aprobar nesta data todas as prácticas do curso que non se fixeron con anterioridade. En setembro farase un exame unitario que abarcará toda a materia que se aprobará a partir da nota de 5 sobre 10 puntos, cualificación máxima que se poderá obter no mesmo.

## **9. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO (CAMBIOS DE MODALIDADE OU DE IDIOMA).**

### 11.1.DEBUXO ARTÍSTICO.

O alumnado poderá cursar Debuxo Artístico II no caso de que ter superado, no mes de setembro, os traballos propostos no mes de xuño pola profesora, tras ser informada da vontade de cambiar a súa optativa.

A profesora, no mes de xuño, dará as orientacións precisas para preparar os traballos que de seguido se enumeran.

Será requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado e cursar a materia de segundo.

### EXERCICIOS DE SETEMBRO PARA A AVALIACIÓN DE 1º DE DEBUXO ARTÍSTICO.

#### BLOQUE I: LIÑA E FORMA.

#### EXERCICIO:

Realizar o contorno de distintos elementos dispostos nun espazo pechado. A liña ten que ser suficiente para conformar os distintos elementos que o

integran. Consideración da proporción entre as partes e o todo na composición. O obxectivo é o emprego da *liña plana* en diferentes grosos, se se precisa, para definir as formas, así como o uso do entrecruzado para indicar o volume e o espazo.

**Técnicas de liña:** rotulador, plumas e bolígrafo. Exercicio monocromático. Formato DIN A-4. Cartolina branca.

BLOQUE II: A COMPOSICIÓN E OS SEUS FUNDAMENTOS. CLAROSCURO E TEXTURA I.

EXERCICIO:

Realizar unha composición descritiva ou naturalista onde se dea especial interese ao encaixado e atendendo ao concepto de equilibrio na imaxe.

A organización estará determinada polos criterios das relacións entre as formas no espazo.

Debuxarase un conxunto de obxectos cotiás de carácter xeométrico, definindo o seu carácter volumétrico mediante o claroscuro e os valores tonais.

Incidir sobre a percepción das texturas e perspectiva na disposición dos elementos.

Atender de maneira especial a incidencia da luz, que poderá ser natural ou artificial.

**Técnicas de mancha:** carboncillo, xiz e grafitos en barra ou lapis (sanguina, sepia, xiz negra e branca). Exercicio monocromático. Formato DIN A-3.

Calidade similar a do papel ingres, poroso, para que haxa permanencia da técnica nel.

### BLOQUE III: CLAROSCURO E TEXTURA II.

#### EXERCICIO:

Debuxar, baixo criterios naturalistas ou descritivos, elementos que conformen un espazo interior, exterior ou unha paisaxe. Rexistrarse a súa perspectiva e sensación de espazo e profundidade.

Os efectos de luz e sombra quedarán evidenciados na súa representación. A distribución das formas no campo visual terá en conta os conceptos de dimensión, dirección, luz, proporción e modulado dos seus elementos constitutivos segundo nocións de espazo e de volume e co emprego da gradación da tinta en auga na configuración do claroscuro e das texturas.

**Técnicas líquidas:** Tintas. A augada. Exercicio monocromático.

### BLOQUE IV: A COR.

#### EXERCICIO:

##### 1. Proba descritiva de cor:

Composición dunha imaxe co emprego de obxectos dispostos sobre unha mesa, ou un espazo interior con poucos elementos.

Uso de cores complementarias ou do contexto de gamma fría e gamma cálida. Tratarase dun debuxo *descritivo e naturalista*.

Empregar os criterios de textura, luces e sombras para a realización dese conxunto de elementos que conformen unha natureza morta ou unha selección dun espazo.

**2. Proba interpretativa en tinta plana.** Ilustración dun texto seleccionado polo alumnado, tamén poderá crear unha imaxe de funcionalidade publicitaria.

*Técnica a empregar: lapis de cores e acuarela. Exercicio en policromía. Formato dos dous exercicios en DIN a-4.*

*Papel técnica de auga, con maior grosor para conter a auga e garantir a permanencia da técnica no papel.*

MOSTRA RECOPIULATORIA DE TRABALLOS.

a. En setembro o alumnado terá que amosar a súa experiencia en traballos desta materia feitos previamente; as técnicas e temas que tratou, co fin de aportar documentación gráfica e xustificar o seu interese e motivación pola materia de Debuxo Artístico.

b. Apuntes do natural:

Trátase dun caderno de esbozos ou apuntes tomados polo alumnado desde un punto de vista que observe nun momento concreto. Enmarcarase unha situación real determinada que quedará representada nese esbozo. O tema pode ser o entorno máis inmediato: un espazo interior, unha paisaxe, unha instantánea nun momento determinado. A finalidade é acadar destreza no rexistro dunha selección de espazo, dun marco de imaxe cos criterios da composición oportunos. Tratarase da representación dun conxunto de obxectos observados con brevidade, definindo os seus volumes e relacións espaciais.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INCIAL NA ESO E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Ao ser una materia de continuidade non se precisa. A alumnado de cambio de modalidade procederá como está indicado no apartado correspondente anterior.

## 11.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

- Comprensión lectora y expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Educación cívica e constitucional
- Emprendemento.
- Educación Emocional e Creativa.

O informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre a Educación para o século XXI recolle interesantes afirmacións.

A Educación encerra un tesouro, como afirma O Informe Delors, nome do presidente da Comisión. Dito informe sinala que a educación ten que organizarse ao redor de catro aprendizaxes fundamentais, que serán para cada persoa os estímulos no seu coñecemento ao longo da vida:

Aprender a coñecer, é dicir, adquirir os instrumentos da comprensión.

Aprender a facer, para poder influír sobre a propia contorna.

Aprender a vivir xuntos, para participar e cooperar cos demais en todas as actividades humanas.

Aprender a ser, como proceso fundamental que recolle elementos dos tres anteriores.

Esta visión da educación é consecuente coas demandas sociais e persoais. A sociedade necesita cidadáns capaces de convivir en democracia e esta necesidade tradúcese no ámbito educativo na educación para a convivencia. Así mesmo, é sabido que as persoas máis felices teñen, polo xeral, unha autoestima máis alta, maior autocontrol de conducta e emocional; dispoñen dun estilo cognitivo positivo e manteñen relacións adecuadas cos demais; saben, así mesmo, recoñecer e expresar os seus sentimentos de maneira apropiada, facendo seus valores como o respecto, a tolerancia e a honestidade. Por tanto, mellorar as relacións interpersoais entre os alumnos e as alumnas, desenvolver a tolerancia e o respecto ás diferenzas entre as persoas, actitudes democráticas e solidarias, así como formar persoas críticas e autónomas, son obxectivos educativos de primeira orde.

Ao considerar o desenvolvemento integral da persoa como unha finalidade do sistema educativo, as emocións, os afectos e as relacións adquiren una maior



relevancia. Neste contexto, o profesorado interésase cada vez máis nos aspectos emocionais e afectivos das relacións interpersoais dos estudantes, considera a necesidade de educar estes aspectos para o desenvolvemento armónico do alumnado e asume como tarefa propia a de ensinar a ser e a convivir ademais da de ensinar a coñecer.

As actividades que se desenvolven na aula son o principal vehículo para a relación entre o profesorado e o alumnado, e é alí onde se pon en xogo a carga emocional e afectiva. A educación emocional comporta a aprendizaxe e a práctica na aula de estratexias cognitivas, modelos de comportamento, valores, habilidades sociais e técnicas de autocontrol, que permitan aos alumnos e alumnas saber vivir satisfactoriamente consigo mesmo e cos demais.

Ter presentes os aspectos afectivos e emocionais que se mobilizan no alumnado, como consecuencia das interaccións que se dan na aula e en todo o ámbito educativo permite establecer as bases para unha mellor convivencia no centro. Concretamente trátanse temas de imaxe persoal e autoafirmación, a violencia machista na parella, a educación para o consumo, a reciclaxe e reciclaxe de materiais de refugallo, educación para a convivencia, resolución pacífica da conflictividade, recoñecemento dos valores culturais alleos á cultura propia.

## **12. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR.**

Colaborarase no Proxecto lector establecido polo noso centro coa lectura de material específico do que se dotará a Aula de Debuxo para fomentar o uso da lectura, como foi incorporado xa na competencia básica recollido na Programación didáctica correspondente e segundo as normas finalmente establecidas pola Biblioteca escolar.

O Departamento de Debuxo traballa co Proxecto Lector do Centro favorecendo a lectura do alumnado na medida do posible os últimos 20' da clase. Trátase de libros especializados dos que está dotada a Aula de Debuxo.

Non poderá ser sempre texto xa que traballamos unha materia que ten unha natureza específica e que a súa maior parte desenvólvese coa lectura, interpretación e creación de imaxes.

Como opcións ofertamos a *lectura da imaxe* e interpretación da súa sintaxe, que é formación esencial na nosa materia.

### **13. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLAN TIC.**

Os recursos que se mencionan no apartado anterior posibilitan a instrumentalización dixital dándolle énfase na exposición de temas e solucións gráficas, como tamén na indagación documental.

### **14. CONTRIBUCIÓN DO DEPARTAMENTO CONVIVENCIA.**

É moi común a contribución a este departamento coas numerosas aportacións do alumnado e a súa profesora con traballos de deseño gráfico. Celebramos as numerosas datas conmemorativas destacadas como “Violencia de xénero” co panel do Xardín das sempre vivas, entre outras moitas.

### **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

#### **Actividades complementarias:**

**Concurso de fotografía 2023 “Frisos, teselas e mosaicos”:** Participación do alumnado no concurso de fotografía organizado, de forma conxunta, co Departamento de Matemáticas e que fai referencia a un tema común a ambos ámbitos.

**Decorados do Musical Wicked.** As alumnas de Debuxo Artística II serán as responsables dos decorados do Musical deste ano. Ilustrarán os fondos do escenario coas súas imaxes para complementar as diferentes escenas que teñen lugar durante a obra.

#### **Actividades extraescolares:**

Visita a exposición fotográfica de Steven Meisel no Muelle de trasatlánticos da Coruña e a de Buda y Shiva, Loto y Dragón na Fundación Barrié dos mecenas Rockefeller. Decembro.

## **16. MECANISMOS DE REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA DO PASADO CURSO 2021-2022 .**

Pódese definir a rúbrica como “un instrumento de avaliación baseado nunha escala cuantitativa e/ou cualitativa asociada a uns criterios preestablecidos que miden as accións do alumnado sobre os aspectos da tarefa ou actividade que serán avaliados” (Torres Gordillo e Perera Rodríguez).

Desde estes criterios xúlgase, valorase, cualifícase e conceptúase sobre un determinado aspecto do proceso e establécense niveis progresivos de dominio ou pericia relativos ao desempeño que unha persoa mostra respecto dun proceso determinado de aprendizaxe (Martínez Vermellas). Usualmente fábase de dous tipos de rúbricas:

- A rúbrica global ou holística, que fai unha valoración do conxunto da tarefa, mediante a utilización duns descritores que se corresponden a uns niveis globais, non particulares.
- A rúbrica analítica, en cambio, céntrase en tarefas de aprendizaxe máis concretas, e necesita dun deseño máis pormenorizado. Como norma xeral, as rúbricas deben avaliar tanto aspectos cuantitativos como cualitativos. Os procesos de ensino-aprendizaxe melloran cando o alumnado coñece con antelación os obxectivos de aprendizaxe e as expectativas do profesorado.

Xa que se trata de procesos interactivos xeralmente asincrónicos, o uso de rúbricas contribúe tamén a animar a interacción entre profesores e alumnos e axuda a entender os mecanismos de aprendizaxes dos alumnos.

Algunhas das características das rúbricas máis claramente beneficiosas son:

- Son fáciles de usar polo profesor e de explicar aos alumnos. (Outros procedementos ou técnicas de avaliación alternativa que se poden utilizar son os portafolios, mapas conceptuais, diarios, proxectos, método de casos, etc.)
- Deixan bastante claras as expectativas dos profesores, o que se transforma para os alumnos en seguridade sobre como alcanzar o que o profesor espera que eles saiban facer.
- Os alumnos teñen moita máis información sobre as súas fortalezas e debilidades na materia, que noutro tipo de avaliacións (retroalimentación).
- Fomentan a aprendizaxe e a autoavaliación: os alumnos avaliados por medio de rúbricas desenvolven máis capacidades que os avaliados por outras formas máis

tradicionais.

- Facilitan o desenvolvemento das competencias.
- Facilitan a comprensión global dos temas e a internalización das capacidades.
- Axudan aos alumnos a pensar en profundidade.
- Incrementan a obxectividade do proceso avaliador: os criterios son coñecidos de antemán, non poden ser modificados arbitrariamente.
- Serven para avaliar procesos, non só resultados.
- Promoven a responsabilidade dos alumnos, que en función dos criterios expostos poden revisar os seus traballos antes de entregalos ao profesor.
- Facilitan ao profesor as explicacións aos alumnos sobre as cualificacións ante as revisións destas.
- Experiencias dinamizadores para o alumnado que tiveron lugar o pasado curso en Debuxo Artístico II foi o traballo co Departamento de Lingua Galega no proxecto de obra permanente para o centro: ***Ano das Artes 2022. Laxeiro, cunha obra composta de imaxes coa participación de todo o alumnado de DA II no que facían unha interpretación dos diferentes aspectos da súa obra.***

Os mecanismos reguladores o que pretenden é acadar en cada curso, en función das súas características, os mellores dos resultados posibles en función das súas posibilidades, sen esquecer a necesidade de favorecer os coñecementos necesarios para os estudos e as decisións posteriores que tomen neste ámbito.